

Paneis solares na cuberta:

Recomendacións preventivas contra caída de altura

Tanto na instalación como no mantemento (limpeza, reparación, inspección...) de paneis solares na cuberta pode haber un importante risco de caída de altura. Para evitar ese risco debe estar previsto como acceder, permanecer e realizar estes traballos de forma segura.

SE TES INSTALADOS PANEIS SOLARES

Se na túa empresa tes instalados paneis solares en cuberta, como titular do centro de traballo, verifica se está previsto como realizar os **traballos de mantemento con seguridade**:

Ten en conta que existen obrigas en materia preventiva, tanto se o realizas co teu propio persoal como se contratas unha empresa para realizalos.

SE CHE VAN INSTALAR PANEIS SOLARES

Independentemente de que a instalación requira ou non proxecto, verifica que no deseño da instalación se prevexan os medios para realizar os posteriores traballos de mantemento e reparación de forma segura.

A instalación de paneis solares ten a consideración de **obra de construción**, polo que lle é de aplicación a normativa de prevención relativa a obras (R.D. 1627/97, Lei de subcontratación...). A empresa onde se instalan os paneis ten habitualmente a consideración de promotora da obra.

ISTO INTERÉSACHE

→ Se na túa empresa tes instalados paneis solares na cuberta

→ Se na túa empresa decides instalar paneis solares na cuberta

→ Se es instaladora de paneis solares

- Sistemas de acceso seguros
- Sistemas que eviten a caída ao exterior
- En caso necesario, sistemas que eviten a caída ao interior por elementos fráxiles



A promotora debe facilitarlle a quen realice a instalación información, entre outros aspectos, sobre as características da cuberta (esta pode estar recollida no proxecto, libro do edificio...), a fin poder coñecer:

- Resistencia, pendente, materiais...
- Se é transitable ou non
- Existencia de elementos fráxiles (claraboias, translúcidos...)
- A forma de acceso prevista
- As proteccións existentes contra caídas de altura
- Presenza de materiais con amianto

É obriga da promotora a designación de persoal coordinador de seguridade e saúde, cando sexa necesario. Este nomeamento non pode recaer na persoa ou empresa contratista.

Se é necesario elaborar proxecto, a promotora é a responsable de que este se redacte, incluído o estudo de seguridade e saúde, que debe recoller os previsibles traballos posteriores (mantemento).



SE ES UNHA EMPRESA INSTALADORA DE PANEIS SOLARES

Tes a obriga de solicitar, da persoa ou persoas titulares do centro de traballo, a información relativa á seguridade desa cuberta (resistencia, accesos, proteccións etc.).

Tes a obriga de informar dos riscos que os teus traballos poidan xerarlle ao persoal da empresa que realiza a actividade baixo a cuberta, para que esta poida adoptar as medidas necesarias.

A empresa que instala ten a consideración de contratista da obra en aplicación do R.D. 1627/97. Se

subcontrata parte do traballo a outra empresa, esta terá a consideración de subcontratista.

Debes prever, entre outras, medidas que eliminen ou minoren o risco de caída de altura desde a cuberta tanto para os teus traballadores como para os dos subcontratistas, así como medios de acceso seguros.

→ Lembra:

- Se é posible, instala os paneis a nivel do chan e non sobre unha cuberta.
- Prioriza o emprego de proteccións colectivas sobre as individuais. Non se poden empregar argumentos económicos para non cumprir este principio preventivo.

- Os accesos deben ser seguros e permitir a evacuación dun posible accidentado.
- Se podes, instala accesos e proteccións definitivas para seren usadas tanto durante a execución da obra como para os traballos posteriores en cuberta.
- Nas cubertas en que exista risco de caída de altura, comproba que os traballadores

coñecen o modo de acceder e permanecer de forma segura, así como os equipos que teñen que empregar. Deben contar coa capacitación e a formación necesarias.

- Non se deben instalar paneis solares sobre cubertas fráxiles. Ademais, no caso de cubertas de fibrocemento con amianto, hai que cumprir coa, súa lexislación específica.

